

Aquiles, Martuxiña, as Amazonas e os roles de xénero

Xosé Ramón Mariño Ferro

A construción do xénero –construción social- compréndese mellor situándoa no ámbito das relacións entre natureza e cultura, entre conduta instintiva e conduta aprendida, relacións case sempre ambiguas porque a miúdo os seres humanos atribuímos carácter natural e inalterable a comportamentos sociais particulares e cambiantes.

Natureza e cultura

Edward Tylor definiu a cultura como «os costumes e calquera outra aptitude e hábitos adquiridos polo home como membro da sociedade». Nesa definición a palabra clave é “adquiridos”, que equivale a “aprendidos”, o que recalca a natureza social da cultura.

Ralf Linton sitúa a cultura ao remate dun longo e gradual proceso que se deu no reino animal, en especial nos mamíferos: a substitución progresiva do instinto pola aprendizaxe. Todos temos comprobado que os animais aprenden. Pero neles pesa máis o instinto. No comportamento dos seres humanos, en cambio, o instinto xoga un papel de segunda orde. O que sucede é que tendemos a considerar “instintivas” bastantes concepcións culturais.

Os humanos somos os animais especializados, non na carreira veloz, non no tamaño disuasivo, non no veneno mortífero, non nas gadoupas ameazantes, senón na cultura, nos costumes e nos hábitos aprendidos. A elección dese camiño evolutivo permitiu, é evidente, unha adaptación rápida e exitosa aos máis diversos medios.

Os ilustrados equivocáronse ao opoñer o home natural ao cultivado. A verdadeira oposición debe establecerse entre conduta instintiva e conduta aprendida. Ambas están presentes no home e no reino animal, pois a aprendizaxe é tamén un recurso da

natureza, non un simple engadido, artificial e descartable. Cos humanos adquiriu tal importancia que, sen serlles exclusiva, converteuse na súa característica máis propia. Como sinalou Clifford Geertz, sen cultura non hai seres humanos. Faltaríalles a súa esencia. De existir os homes sen cultura, dos que tanto gusta falar Rousseau, en nada se parecerían a hábiles salvaxes guiados polos instintos. Quedarían rebaixados a monstros pouco operantes e con escasas probabilidades de sobrevivir.

Resultado da especialización nos comportamentos aprendidos, os distintos grupos humanos posúen costumes, crenzas e institucións diferentes. Non existe a uniformidade que se deriva do instinto. O que si está moi estendida é a opinión de que determinadas prácticas son instintivas. Pero trátase dunha crenza interesada, non dunha realidade obxectiva.

Chamo “naturalización” –“instintivación”, máis exacto, soa demasiado áspero- ao recurso de tomar por instintivos certos comportamentos sociais. Mediante ese recurso preténdese presentalos como universais e inmutables. As sociedades emprégano, ademais de co xénero –como comprobaremos logo-, coa sexualidade, coa raza, mesmo coas clases sociais ou coas castas.

A nosa tradición, como se sabe, tachaba de “contra natura” as prácticas sexuais contrarias ás admitidas. Xa dende Clemente de Alexandría: «A luxuria transformouno todo. A curiosidade efeminada deshonra o home. Todo o busca, todo o intenta, todo o violenta, trastorna a natureza, os homes adquiren o papel pasivo de mulleres e as mulleres actúan coma homes, sendo posuídas contra natura ao unirse a mulleres».¹

Entre os máis puritanos mesmo se considerou acto contra natura o adulterio, ao que se comparou coa cópula entre especies animais diferentes. Por iso lle serviría de símbolo a unión do cabalo e da burra, da murena e da víbora e do león e do pardo. San Isidoro

¹ Clemente de Alexandría *O Pedagogo* III 21, 2-3; véxase II 99

cualificou de «acoplamento adulterino» o que liga o asno coa besta ou o cabalo coa burra.² Latini toma esa unión desigual como símbolo do adulterio. Valeriano e Ripa, pola súa banda, escollen a cópula, suposta, da murena e a víbora. Ripa representa o Adulterio por un mozo gordo que suxeita na man unha murena e unha víbora, «pois con esta unión simboliza Basilio o adulterio, cando advirte aos adúlteros que se paren a ver como se fan semellantes a aquelas feras, xa que, segundo se di, o apareamento da murena e da víbora é como un adulterio de Natura».³ Tamén se acusou de adúlteros a leoa e o pardo. Plinio conta que «o león reconece polo olor o adulterio cometido pola leoa co pardo, e lánzase con toda a súa forza para castigala».⁴

Algo semellante ocorreu cos racistas norteamericanos máis extremos, como Josiah C. Nott e George R. Gliddon. Convén aclarar que entre os seres humanos as razas non existen. Non se atopou ningunha evidencia de que un trazo cultural vaia ligado á cor da pel dun grupo. Iso, polo demais, iría en contra da propia natureza humana, que –como vimos– optou por desvincular os comportamentos da bioloxía. O racismo, tras unha pretendida base biolóxica, agacha sempre, sabido é, inconfesables razóns económicas.

Pois ben, nunha obra conxunta, publicada en 1854 e que en 1871 ía pola décima edición, non contentos con defender o racismo, Nott e Gliddon sostiñan que as variedades humanas non eran en realidade razas, senón especies diferentes. Especies distintas creadas por separado e provistas dunha natureza física e moral propia e constante. As desviacións imputábanas á hibridación. Anos antes Nott escribira un artigo cuxo título soaba a advertencia: "O mulato, un híbrido. Probable exterminio das dúas razas se se permiten os matrimonios entre brancos e negros".

Para reforzar o valor das opcións culturais elixidas, algunhas sociedades empregan, ademais da naturalización, o que en matemáticas se chama “demostracións por redución

² San Isidoro *Etimoloxías* XII 1, 58

³ Ripa, Cesare 1987 *Iconología*, Madrid, Akal, páxs. 69-70

⁴ Plinio *Historia natural* VIII 17 (43)

ao absurdo”. Consiste en probar a validez dun comportamento social mostrando, en especial en mitos e festas, a necidade da posición contraria. En consecuencia comete un erro imperdoable o observador externo que fai unha lectura directa de prácticas pensadas en clave paródica.

O Entroido tradicional fornece un magnífico exemplo. Coas inversións do Entroido preténdese mostrar o desastroso e atolado funcionamento dunha sociedade con principios opostos aos admitidos. Próbase a lexitimidade do modo de vida tradicional amosando a loucura á que levaría a asunción de normas contrarias ás vixentes. O Entroido non é, pois, supervivencia de ningún rito antigo, senón unha festa pensada ata o máis mínimo detalle para reforzar, por contraste, un ideal de vida.

Opino que o mesmo pasa co mito das amazonas. Xa que logo, non debe lerse nin como desvarío nin como testemuño de prácticas antigas. Hai que entendelo como recurso para aldraxar a opción contraria á defendida pola sociedade grega en canto aos roles de xénero. Os mitos nin son relatos históricos nin xorden da razón durmida. Pola contra, son creados, case sempre con fino enxeño, con propósitos claros e ben definidos.

O xénero

O xénero, aínda que os occidentais tendan a incluílo entre os trazos instintivos do comportamento humano, ten un compoñente social relevante. Para dilucidar que hai de instintivo e que de cultural nas ideas tradicionais, nada máis instrutivo que asomarnos á variedade de solucións formuladas noutras culturas.

Convén non confundir sexo, sexualidade e xénero. O sexo refírese á condición orgánica que distingue o macho da femia. Os seres humanos, agás unha minoría que nace cun “terceiro sexo” recoñecido ou non nas distintas culturas, nacen machos e femias, que difiren nos cromosomas X e Y. A sexualidade refírese á conduta sexual, ao que os seres

humanos fan cos seus órganos sexuais. A conduta sexual, polo menos en certa medida, apréndese, polo que varía dunha cultura a outra. E o xénero xorde da asignación aos sexos de calidades persoais, roles e actividades de todo tipo.

Algunhas culturas recoñecen máis de dous xéneros. Diversos grupos indíxenas norteamericanos aceptaban, ademais do masculino e o feminino, un terceiro xénero, o dos berdaches, machos homosexuais que asumían os roles do xénero feminino compatibles coa súa condición biolóxica. Outros exemplos de terceiro xénero aprobado foron os eunucos de Bizancio, a casta dos hijras na India e os hermafroditas de varias culturas melanesias.

O carácter cultural dos roles de xénero implica que deben ser ensinados. Na Antigüidade Clásica e na cultura europea, ademais da instrución directa por parte dos maiores, utilizáronse para ese fin múltiples medios. Aquí limitareime a resaltar o uso de mitos e de contos populares nos que se empregan a naturalización e a demostración por redución ao absurdo.

AQUILES

Aquiles pasou uns anos disfrazado de doncela, co nome de Pirra, que significa “A Roxa”, para non participar na guerra de Troia. Travestiuno a súa nai, Tetis, coñecedora do trágico destino que lle agardaba se interviña na contenda: «Cando Aquiles tivo nove anos, Calcante declarou que Troia no podía ser tomada sen el. Tetis, sabendo que perecería se participaba na guerra, vestiuno de muller e confioullo a Licomedes como unha rapaza».⁵ E, como unha rapaza, dedicaba as horas a fiar a la, o traballo feminino por excelencia. «Oh roca amiga da la –escribe Teócrito-, obsequio da glauca Atenea para as mulleres cuxo pensamento se aplica ao ben do fogar».⁶

⁵ Apolodoro *Biblioteca* III 13, 8; véxase Hixino *Fábulas* 96, 1

⁶ Teócrito *Idilios* XXIII

Ovidio en *Arte de amar* descóbreo ocupado co fuso: «Aquiles (vergonzosa conduta, se non fose que cedeu a rogos da súa nai) agachara a súa virilidade baixo unha túnica longa. ¿Qué fas, Eácida? Non é a la tarefa digna de ti. Ti buscarás os teus honores na outra arte de Palas. ¿Que tes que ver ti coas canastras? A túa man está feita para embrazar o escudo; ¿por qué suxeitas nesa túa destra, que derribará a Héctor, un nobelo de la? Tira eses fusos nos que se envolve o fío laborioso; a túa man ha de brandir a lanza do Pelio».⁷

A pesar da aparencia feminina, Aquiles conservou a potencia viril. En Deidamía, unha das fillas de Licomedes, tivo un fillo, Neoptólemo, que máis adiante se chamaría Pirro e destacaría na loita.⁸ Como di Bión, o Aquiles vestido de muller «tiña corazón de home, e era de home o amor que sentía».⁹

O afán guerreiro do macho Aquiles acabou por aflorar grazas a unha argucia de Ulises, propia dun conto de roles de xénero. Ofreceulles ás mozas traxes femininos e mais armas ao tempo que facía soar un clarín de guerra. Mentres que as zapazas escolleron os obxectos femininos e logo fuxiron asustadas, o Aquiles oculto baixo os vestidos lanzouse ás armas.¹⁰ Quedaba así demostrado que os homes son por natureza guerreiros e que as mulleres prefiren os labores domésticos.

MARTUXIÑA

Varios contos e romances populares tratan de mulleres que, ao revés de Aquiles, se disfrazan de homes. Nas comedias dos séculos XVI e XVII estas damas con traxes masculinos dan mostras dunha determinación e dunha coraxe masculinas. Entre todas esas historias destaca, pola súa popularidade e polo seu tratamento dos roles de xénero,

⁷ Ovidio *Arte de amar* 688-696 (Palas era ao mesmo tempo a deusa do tecido e da arte da guerra)

⁸ Apolodoro *Biblioteca* III 13, 8; Homero *Odisea* XI 505 ss.; Bión *Epitalamio de Aquiles e Deidamía* 5-32

⁹ Bión *Epitalamio de Aquiles e Deidamía* 22

¹⁰ Apolodoro *Biblioteca* III 13, 8; Hixino *Fábulas* 96, 2-4

a da doncela guerreira, que na tradición galega se chama Martuxiña. Trátase dunha rapariga, filla dun pai ancián desexoso de ter un fillo varón que o suceda no exercicio das armas e combata o inimigo. A mociña, sen irmáns, decide disfrazarse de varón e asumir o papel de soldado. O tema está moi difundido na baladística europea. Na Península existen versións castelás, catalás, portuguesas e galegas. Tamén existe un relato popular sobre o mesmo tema, que xa recolleu Giambattista Basile no *Conto dos contos*, publicado en 1634.

Durante a súa permanencia no exército un compañeiro de armas, que a miúdo é o propio rei ou un príncipe, atópalle trazos femininos e, por consello da nai, sométea a unhas probas de xénero. O conto, e a sociedade, consideran femininos, en canto aos atributos físicos, ademais dos peitos, o cabelo longo, os ollos fermosos, a pel de cor delicada e as mans e pés pequenos; en canto aos traballos, aos gustos e os comportamentos, o fiado da la, o pudor, o recurso ás bágoas, a dozura no amor e a preferencia polas xoias fronte ás espadas.

A doncela guerreira, a diferenza da amazona, non desexa unha vida masculina. Enrólase no exército por amor ao pai e, aínda que desempeña con eficiencia un rol exclusivo dos homes, aspira a ser muller e esposa, como demostra ao pedir unha roca nada máis voltar á casa. Velaquí unha das versións galegas do romance, recollida por Said Armesto en Lousame no ano 1902, grazas á memoria e ao gusto pola literatura oral da fiadora Dolores Mato Castro:¹¹

—Hoxe s’apregoan guerras de Francia contra Aragón,
¡pobre de min que son vello, e non podo co pendón!
¡E sete fillas que teño sen ningunha ser varón!

¹¹ Said Armesto, V. 1997 *Poesía popular gallega*, A Coruña, Fundación Barrié, páxs. 145-6

Falou a filla máis nova con arrogante razón:

—Non nos maldiga, mi padre, non nos bote a maldición,
qu'eu son pra servir ó rei como *cualquiera* varón.

—Por eses cabelos longos, filla, te *conocerán*.

—Con unhas boas tallantas¹² menos longos quedarán.

—Por eses ollos tan lindos, filla, te *conocerán*.

—Cando tope con un home baixareinos para o chan¹³.

—Por esas cores lindas, filla, te *conocerán*.

—Aos tres días de camiño os soles os queimarán.

—Por eses peitos tan altos, filla, te *conocerán*.

—Apertándome o xustillo os peitos n'avultarán.

—Por esas mans miudiñas, filla, te *conocerán*.

—Poñerei guantes de ferro, na guerra non mas verán.

—Por eses pés miudiños, filla, te *conocerán*.

—Poñerei botas de ferro sobor das de cordobán¹⁴.

—Polos amores que tomes, filla, te *conocerán*.

—Os que me falen de amores ben caro mo pagarán.

—¡Chégate a min, miña filla, botareite a bendición,

chégate a min, miña filla, serás meu fillo varón!

O fillo do rei de Francia anda morto de *pasión*.

—Don Martiños, don Martiños, ti non pareces varón,

as armas serán de home, os ollos de muller son.

Alí faláralle a madre, faláralle con razón:

—Convidaralo, meu fillo, para contigo enfeirar¹⁵,

¹² *Tallantas*: tesoiras

¹³ A muller debe mostrarse máis tímida e vergonzosa.

¹⁴ *Cordobán*: pel curtida de cabra.

que como el sexa muller coraes *querrá* mercar.

—Mire que coraes lindos para as nenas adornar.

A nena como discreta non se deixaba *engañar*.

—¡Non quero coraes lindos, nin as nenas adornar,

mellores son as espadas para con homes lidar¹⁶!

O fillo do rei de Francia anda morto de *pasión*.

—Don Martiños, don Martiños, ti non pareces varón,

as armas serán de home, os ollos de muller son.

Alí faláralle a madre, faláralle con razón:

—Convidaralo, meu fillo, para contigo se deitar,

que como el sexa muller non se ha de querer deitar.

—Mire que *sábanas* lindas, que cama pra se *acostar*.

A nena como discreta non se deixaba *engañar*.

—¡Non quero *sábanas* lindas nin cama pra me *acostar*,

mellor é dormir vestido que con homes se deitar.

O fillo do rei de Francia anda morto de *pasión*.

—Don Martiños, don Martiños, ti non pareces varón,

as armas serán de home, os ollos de muller son.

Alí faláralle a madre, faláralle con razón:

—Convidaralo, meu fillo, para no río nadar,

que como el sexa muller a roupa n’ha de quitar.

—Mire que *ágoas* tan lindas para nelas se bañar.

—Mellores son *ágoas* fondas par’os homes se bañar¹⁷.

¿Que ten o fillo do rei que tan africto se pon?

¹⁵ *Enfeirar*: facer compras na feira.

¹⁶ Proba de identificación do sexo contraria á que someteu Ulises a Aquiles.

¹⁷ A resposta suxire que os homes son máis atrevidos e que se bañan en augas máis perigosas.

—Vosos ollos, don Mariños, roubáronme o corazón,
as armas tendes de home, os ollos de muller son.
A nena como discreta faláralle con razón:
—Teño de marchar da guerra, non me podo tardar, non,
deixei meus padres moi vellos, non sei s'inda vivos son.
Ao subir polas escadas, padres e irmás atopou.
—Xa estou de volta, mi padre, *déme* a súa bendición.
Sete anos levei na guerra de Francia contra Aragón,
non souperon que era nena vestidiña de varón,
conocéronmo nos ollos, que por outra cousa, non.

Noutras versións asóciase a masculinidade coa afección á caza e á taberna e coa preferencia polos asentos altos. No conto italiano titulado *Fanta-Ghiró* o rei debe socorrer na guerra un monarca veciño, pero atópase doente e carece de fillos varóns que o substitúan. A maior das tres fillas ofrécese a comandar o exército. O pai acepta o ofrecemento a condición de que non fale de cousas de mulleres. Pero no camiño a rapariga ve unhas canas e comenta: «¡Se as tivésemos na casa que bonitas rocas fariamos!». E vese obrigada a regresar á casa. Entón inténtao a segunda filla, que ante unha chea de paus dereitos e delgados exclama admirada: «¡Se os tivésemos na casa, quen sabe cantos fusos poderíamos facer!». Polo que tamén fracasa. Para rematar inténtao a terceira filla, Fanta-Ghirò, que non comete o mesmo erro. Logo, nunha sala de armas, empuña espadas, pistolas e fusís con audacia viril. E máis tarde corta un bolo de pan sosténdoo no aire, como fan os homes, e non apoiándoo no peito, como acostuman as mulleres. Pero na proba do baño co príncipe o pudor feminino deláttaa. Na versión de Basile a doncela accede a vestirse de varón por amor ao seu pai, que se

avernoña de procrear só femias. Monta con tanto dominio un poldro salvaxe e dispara unha escopeta con tanta puntería que convencen da súa masculinidade a nai do raparigo, que lle di ao fillo: «¡Quítate esa dor da cabeza e trata de comprender que unha muller non pode facer tanto!». Pero tampouco supera a proba do baño e volve á casa. Alí aparece uns días despois o mozo a visitar o seu amigo de armas, o que forza a doncela a disfrazarse de varón a fume de carozo, de modo que esquece quitarse os pendentes das orellas. Quedaba así ao descuberto a súa natureza feminina. E o mozo, resolta a dúbida que o desacougaba, pídea en matrimonio.

É un caso de naturalización. A moza, aínda actuando como un varón por amor ao pai, acaba por deixar translucir a súa condición de muller. O conto mostra que a natureza leva as femias, aínda as máis valentes, a comportarse con pudor e a inclinarse polos adornos e os labores domésticos.

AS AMAZONAS

O mito das amazonas –debería dicirse amázones- pretende demostrar, por redución ao absurdo, que o reparto de roles de xénero en Grecia respondía á razón e á natureza dos sexos.

A sociedade das guerreiras caracterízase pola inversión dos roles de xénero. Vencelas significa vencer ese hipotético sistema e, en consecuencia, apontoar o tradicional.

En Grecia o home acapara en exclusiva os asuntos públicos,¹⁸ a agricultura e mais o uso das armas,¹⁹ pois «a guerra é penosa para todas as mulleres».²⁰ Por iso Hipermestra admite: «Son muller e doncela, compasiva polo meu natural e os meus anos; as miñas suaves mans non serven para as armas salvaxes».²¹ Denígrase, por machorra, a muller

¹⁸ Platón *Menón* 73a

¹⁹ Detienne, Marcel 1983 *Los jardines de Adonis*, Madrid, Akal, páx.198

²⁰ *Certame de Homero e Hesíodo* 114

²¹ Ovidio *Cartas das heroínas* 14, 55-56

con gusto polas armas: «Moitas mulleres, facendo gala de sentimentos virís, impropios do seu sexo, collían o que atopaban e que puidese servir como arma».²² Só en Esparta as mulleres, con saia curta, practicaban exercicios ximnásticos. Aristóteles atopa unha razón de peso: «Parece verosímil que se deu esta licenza das mulleres entre os laconios dende o principio, pois, por mor das expedicións militares, os homes pasaban moito tempo lonxe do seu país».²³

O mito grego das amazonas proba a validez da asignación tradicional de roles polo método que os matemáticos chaman de “redución ao absurdo”. Lactancio fala, en efecto, de absurdo nun texto que non trata sobre as amazonas, senón sobre o modelo social de Sócrates e Platón, pero que se axusta á perfección ao mito das amazonas: «O home sabio, en contra dos costumes humanos e da natureza, elixiu como modelo de imitación o máis absurdo e, como viu que nos demais animais non había separación na función de machos e femias, considerou que tamén as mulleres debían ir á milicia, intervir nas deliberacións públicas, desempeñar maxistraturas e recibir o mando; por iso asignoulles armas e cabalos; a consecuencia foi que o traballo da la e o telar, así como a xestación, pasaron aos homes. E non viu que isto que dicía era un absurdo; nin sequera o deduciu do feito de que aínda non había no orbe da terra xente tan torpe nin tan sabia que vivise desta forma».²⁴

As amazonas, palabra que segundo a etimoloxía popular significaba “sen peitos”,²⁵ eran, pola súa dedicación á guerra, fillas de Ares: «As amazonas, que poboaban a chaira de Deante, non eran moi acolledoras nin respectuosas das leis, senón que lles ocupaba a deplorable violencia e as obras de Ares; pois en efecto eran da estirpe de Ares e da ninfa

²² Heliodoro *As etiópicas* IV 21, 3

²³ Aristóteles *Política* II 9 (1270a)

²⁴ Lactancio *Institucións divinas* III 22, 10-11

²⁵ Diodoro de Sicilia *Biblioteca histórica* II 45, 3

Harmonía, quen pariu para Ares unhas fillas belicosas, tras compartir o seu leito nos vales do bosque de Acmon». ²⁶

Caracterízanse por «odiar a alianza amorosa e ofrecer públicamente o seu corpo logo de mantelo casto longo tempo». ²⁷ Por doncelas sen sexo portan algunhas o cinto, habitual símbolo de virxindade e nelas tamén símbolo de soberanía e independencia. Arreatárllelo equivale a sometelas ao varón, sexa como concubinas ou como esposas. Esquilo nas suplicantes afirma que «teñen por costume o vivir sen marido e comer carne crúa». ²⁸ Dese xeito sutil o dramaturgo asocia a súa solteiría co estado salvaxe de quen come carne sen cociñar. Heródoto infórmanos que se dedicaban «á caza e á pillaxe» ²⁹ e que os escitas as denominan “Eórpata”, «nome este que, en grego, significa “matadoras de homes”». ³⁰ Apolodoro comenta que se comportaban como varóns: «Pobo sobresaliente na guerra, pois practicaban os costumes virís». ³¹ Homero na *Ilíada* chámallas «as virís amazonas». ³²

Nun dos *Discursos* Lisias salienta a súa preparación para a guerra e a súa valentía viril: «En tempos remotos as amazonas eran fillas de Ares que habitaban o río Termodonte. Eran as únicas entre os seus veciños que tiñan armadura de ferro e as primeiras de todos en montar sobre os cabalos, cos que inesperadamente, dada a inexperiencia dos seus inimigos, alcanzaban os que fuxían e deixaban atrás os seus perseguidores. Crían que eran homes polo seu atrevemento antes que mulleres pola súa natureza, pois máis parecían superar os varóns polo seu valor que iralles á zaga pola súa forma». ³³ Pseudo Calístenes conta que Alexandre someteu as amazonas, que vivían nunha especie de pequeno mundo, rodeado, como a Terra, por un río circular: «Vivimos alén do río

²⁶ Apolonio de Rodas *Argonáuticas* II 985-992

²⁷ Séneca *Fedra* 910-911

²⁸ Esquilo *As suplicantes* 287-9

²⁹ Heródoto *Os nove libros da Historia* IV 112

³⁰ Heródoto *Os nove libros da Historia* IV 110

³¹ Apolodoro *Biblioteca* II 5,9

³² Homero *Ilíada* VI 187-8

³³ Lisias *Discursos* II 4-6

Amazónico e, no seu interior, nunha illa no medio do seu curso. O perímetro do noso país -explícalle unha das amazonas a Alexandre- forma unha circunferencia que tardarías un ano en percorrer: o río non ten nacemento nin fin. As que a habitamos somos duascentas setenta mil doncelas armadas. Entre nós non se atopa nin un só varón. Os homes habitan alén do río e habitan a terra. Anualmente celebramos unha festa colectiva e sacrificamos cabalos a Zeus, Posidón, Hefesto e Ares durante trinta días. Todas aquelas de nós que desexan perder a virxindade quédanse cos homes. E a todas as nenas que dan a luz, traspásannolas en canto cumpren sete anos».³⁴

Diodoro de Sicilia trata das amazonas nos libros segundo e terceiro da *Biblioteca histórica*. Segundo el, no pobo das amazonas os homes e as mulleres intercambiaron por completo os roles, pois elas, ademais de practicar a guerra, obrigaron os varóns a cargar cos labores domésticos: «Pois ben, dominando xunto ao río Termodonte un pobo gobernado por mulleres e desempeñando as mulleres o servizo guerreiro igual que os homes, afirman que unha delas, que tiña a potestade real, destacou en vigor e en potencia; e tras formar un exército de mulleres, adestrouno e derrotou con el algúns pobos limítrofes. Aumentando o seu valor e gloria, marchaba continuamente contra os pobos próximos e, co favor da fortuna, encheuse de orgullo, nomeouse a si mesma filla de Ares e adxudicou aos homes os traballos de filar e os labores das mulleres nas casas. Introduciu leis polas que dirixiu as mulleres aos combates bélicos e asignou aos homes a humildade e a escravitude. Dos recentemente nados, aos varóns mutilábanlles as pernas e os brazos, deixándoos inservibles para o servizo bélico e queimaban o seo dereito das femias para que non lles molestase ao sobresaír do corpo durante as batallas; por esa causa resultou que o pobo das amazonas obtivo esa denominación».³⁵

No libro terceiro Diodoro, de acordo co que representan, sitúa as amazonas nas marxes

³⁴ Pseudo Calístenes *Vida e fazañas de Alexandre III* 25

³⁵ Diodoro de Sicilia *Biblioteca histórica* II 45, 1-3

do mundo coñecido, cos bárbaros: «Afirman que había nas rexións do oeste de Libia, xunto aos límites do mundo habitado, un pobo gobernado por mulleres e celoso dunha vida distinta da nosa». E insiste en que nesa sociedade dominada polas femias se invertían os roles de xénero: «Era costume das mulleres traballar nos asuntos da guerra e debían servir na milicia un tempo determinado, durante o cal conservaban a súa virxindade; pasados os anos da milicia, uníanse cos homes para a procreación de fillos pero administraban elas os cargos e todos os asuntos públicos. E os varóns, igual que as casadas entre nós, levaban unha vida caseira, atendendo ao disposto polas súas cónxuxes; eles non participaban na milicia nin nos cargos nin tiñan ningún outro dereito de expresión nos asuntos públicos que lles puidese servir de orgullo para rebelarse contra as mulleres». Os homes ata criaban os nenos: «Logo dos nacementos dos fillos, daban os bebés aos varóns e estes criábanos con leite e con algúns outros alimentos fervidos de acordo coa idade dos cativos; se o nado for unha femia, queimábanselle os peitos para que non se lles desenvolvesen durante o tempo da madurez: parecíalles que os peitos sobresalientes do corpo non son un impedimento fortuito para a milicia; xa que logo, carentes deles, eran chamadas amazonas polos gregos».³⁶ Engade un detalle breve pero significativo: «Este pobo non utiliza en absoluto o cereal por non terse descuberto aínda entre eles a utilidade deste froito».³⁷ O que equivale a considerar salvaxes ás amazonas, porque para os gregos o uso do cereal marcaba o inicio da civilización. Esta imaxe concorda coa que concebía as doncelas aínda non sometidas ao xugo do matrimonio como animais salvaxes, máis en concreto osas, baixo o dominio de Ártemis.

Estrabón, que as sitúa nos montes de Albania, completa a inversión de roles pois adxudícalles, ademais da milicia, a agricultura con arado e o pastoreo: «A maior parte

³⁶ Diodoro de Sicilia *Biblioteca histórica* III 53, 1-3

³⁷ Diodoro de Sicilia *Biblioteca histórica* III 53, 5

do tempo pásano soas facendo elas mesmas todos os traballos, os do arado e a plantación e os do pastoreo, especialmente de cabalos». Engade «que as máis valentes dedícanse de cheo á caza dacabalo e a adestrarse en exercicios belicosos; que a todas elas lles cauterizaron o seo dereito desde bebés para que poidan usar o brazo cómodamente sempre que o necesiten, e en primeiro lugar no lanzamento de xavelina, pero que tamén usan o arco, o ságaris e o escudo lixeiro, e con peles de animais fan cascos, vestimentas e cintos». E en lugar de constituír familias patriarcales ao modo grego, practicarían relacións esporádicas e unha especie de residencia natolocal con reparto por sexos da proxenie, de paternidade dubidosa: «Din que teñen dous meses especiais na primavera, nos que soben ao monte veciño que as separa dos gargareos. Tamén estes soben seguindo un vello costume para ofrecer sacrificios conxuntamente e unirse a estas mulleres co fin de procrear, ás agachadas e na escuridade, cada un con quen lle toque, e logo de preñalas despídenas. E estas quédanse co bebé femia que nace, pero os varóns lévanlles aos gargareos para que os críen. E estes adoptan cada un o neno que lle levaron, considerándoo na dúbida como fillo seu».³⁸ Acordaran cos gargareos «que só se unirían para ter fillos pero que cada un viviría polo seu lado».³⁹ Heródoto ofrécenos unha variante do mito na que as amazonas, vencidas polos escitas, forman parellas estables cos homes e comparten con eles a dedicación á caza e á guerra. En termos da sociedade grega, homes e mulleres desempeñan labores masculinos. Conta Heródoto que, tras sometelas e emparellarse con elas, propuxéronse levalas ás súas aldeas: «Nós temos pais, e temos tamén propiedades. Así que non sigamos levando por máis tempo este tipo de vida; ao contrario, regresemos para residir entre o noso pobo. Desde logo por esposas terémovos a vós, e non a outras mulleres». As amazonas argumentaron que, en residencia patrilocal, os seus costumes non encaixarían: «Nós non

³⁸ Estrabón *Xeografía* XI 5, 1. O *ságaris* é una macheta de combate escita

³⁹ Estrabón *Xeografía* XI 5, 2

poderíamos convivir coas mulleres do voso país, pois non temos os mesmos costumes ca elas. Nós manexamos arcos, lanzamos venabres e montamos dacabalo, e non aprendemos os labores propios do sexo feminino. En cambio, as mulleres do voso país non levan a cabo ningunha desas actividades, senón que se consagran ás tarefas do seu sexo e permanecen nos seus carros, sen saír a cazar nin ningunha outra cousa. Polo tanto non poderíamos conxeniar con elas. Agora ben, se queredes conservarnos como as vosas mulleres e mostrarvos verdaderamente xustos, ide ver os vosos pais e tomade a parte dos seus bens que vos corresponda; logo regresade e vivamos pola nosa propia conta».⁴⁰ Os homes aceptaron, e elas mantiveron o seu modo de vida. Deron orixe aos saurómatas ou sármatas, entre quen as mulleres visten o mesmo traxe que os homes e ambos sexos montan dacabalo, practican a caza e participan na guerra.⁴¹

Así pois, os autores antigos recollen tres variantes de posibles formas de relación entre homes e mulleres, ningunha do gusto dos gregos: que convivan, pero cos roles invertidos con respecto á sociedade helena; que convivan, pero ambos sexos dedicados á guerra e á caza; e que non convivan, con apareamientos ocasionales co fin de procrear. En todos os casos as amazonas desempeñan traballos que en Grecia se reservaban aos varóns en exclusiva.

Estrabón, que se resiste a concederlle verosimilitude ao mito, resume o seu significado nunha frase: «Isto é o mesmo que se alguén dixese que os homes de entón se converteron en mulleres e as mulleres en homes».⁴² Claudiano tamén comprendeu que supoñía un troco de roles. Escandalizado de que un eunuco fose consul, comenta: «Se os eunucos imparten xustiza e determinan as leis, que os homes manexen os nobelos e, cambiando a orde da natureza, exista unha libertinaxe confusa segundo o costume das

⁴⁰ Heródoto *Os nove libros da Historia* IV 114

⁴¹ Heródoto *Os nove libros da Historia* IV 114

⁴² Estrabón *Xeografía* XI 5 3

amazonas».⁴³ Nuns versos dedicados a Honório o día da súa voda Claudiano dá a entender que ao vencelas obrigáronas a aceptar a súa condición de mulleres: «Se a través das cimas do nevado Cáucaso te dirixiras coa túa fermosura ás crueis amazonas, a cohorte armada con peltas tería deixado a loita e aceptado o sexo».⁴⁴ Entre os estudiosos modernos descifrou o mito con argumentos certos Willian Blake Tyrrell, quen descubriu no matriarcado mítico das amazonas a imaxe especular do patriarcado grego, creada «ao invertir os papeis sexuais do matrimonio».⁴⁵

Sen ningunha dúbida os antigos tiñan unha imaxe negativa das amazonas. Ante todo repugnáballes, como a Xuvenal, a idea dunha muller guerreira: «Que pudor pode haber nunha muller que se cobre a cabeza cun casco, que renuncia ao seu sexo e prefere a forza?».⁴⁶ Ademais, certos detalles dalgunhas versións do mito sitúanas na época do salvaxismo: comen carne crúa, descoñecen a agricultura e os cereales, carecen de leis e, como sinala Tyrrell, usan sobre todo o arco, que era un arma vilipendiada dende os tempos homéricos.⁴⁷ No *Heracles* de Eurípides considérase «a arma dos covardes».⁴⁸ Ao revés das mulleres gregas, as amazonas non se sometían aos homes, tomaban a iniciativa nas relacións sexuais, non vivían en parella e preferían as fillas aos fillos varóns. As amazonas -escribe Tyrrell- «son mulleres fermosas que excitan sexualmente os homes, pero o seu atractivo erótico non pode ser civilizado no matrimonio, a súa esfera apropiada». Aparéanse cos machos pero non se someten ao papel de esposas e nais.⁴⁹

Por contrarias ao ideal grego, as amazonas son vencidas por varios heroes, que encarnan o modelo de varón, guerreiro e protector das mulleres. Teseo, só segundo uns autores,

⁴³ Claudiano *Contra Eutropio* 497-9

⁴⁴ Claudiano *Versos fesceninos a Honório e María I* 31-34

⁴⁵ Tyrrell, W. Blake 2001 *Las amazonas*, México, Fondo de C. Económica páxs. 70, 89

⁴⁶ Juvenal *Sátiras VI* 251-3

⁴⁷ Tyrrell páx. 106

⁴⁸ Eurípides *Heracles* 161

⁴⁹ Tyrrell páx. 130

en compañía de Heracles segundo outros, organizou unha expedición contra as amazonas do río Termodonte e raptou unha delas, que lle deu un fillo, o Hipólito de trágica existencia.⁵⁰ Dende entón as amazonas -escribe Diodoro de Sicilia- renunciaron á súa patria.⁵¹

A loita de Aquiles contra as amazonas e a súa raíña Pentiselea cóntase entre as fazañas non homéricas do heroe. Pentiselea acode en socorro de Troia no momento no que se celebran os funerais de Héctor. Rexeita os gregos ata o seu campamento, pero alí sucumbe fronte a Aquiles, que a fere de morte e, antes de que ela expire, lle descobre o rostro. Ante tanta beleza a piques de marcharse, o heroe séntese transido de dor. Tersistes burlase del por namorarse dunha morta e Aquiles mátao dun puñazo.

Un dos doce traballos de Heracles, en concreto o noveno, consistiu en apropiarse do cinto de Hipólita, a raíña das amazonas. O traballo non revestía, en principio, excesivas dificultades porque Hipólita recibíuno con boa disposición e prometeu entregarlle o cinto sen opoñer resistencia algunha, pero Hera –a súa pertinaz inimiga- fíxolles crer ás amazonas que en realidade o heroe pretendía secuestrar a raíña. E as guerreiras atacárono. Heracles, xulgando culpable a Hipólita do asalto, matouna no acto. Logo houbo de enfrontarse ás demais para facerse co cinto real.

Eurípides menciona esa expedición de Heracles. Apolodoro, ademais, aporta algúns datos sobre a sociedade das amazonas: «Como noveno traballo ordenou a Heracles conseguir o cinto de Hipólita. Esta era a raíña das amazonas, que habitaban preto do río Termodonte, pobo sobresaliente na guerra, pois practicaban os costumes virís; e cada vez que, por mor de relacións sexuais, tiñan fillos, criaban só as femias e comprimíanlles o seo dereito para que non lles estorbase ao lanzar a xavelina, mentres que lles deixaban o esquerdo para aleitar. Hipólita ostentaba o cinto de Ares, símbolo da

⁵⁰ Diodoro de Sicilia *Biblioteca histórica* IV 28, 1-4; véxase Plutarco *Teseo* 26-27; Apolodoro *Biblioteca Epítome* 1, 16-18

⁵¹ Diodoro de Sicilia *Biblioteca histórica* IV 28

súa soberanía. Heracles foi enviado a buscar este cinto porque Admete, filla de Euristeo, desexaba posuílo».⁵²

Séneca transmítenos a imaxe da rendición final da raíña das amazonas: «Alí a que goberna as célibes tribos, que cingue o seu costado co cinto de ouro, arrincou do seu corpo este nobre refugallo e o escudo e o peto do seu peito de neve, levantando os ollos cara ao vencedor, afincada de xeonllos».⁵³ Diodoro de Sicilia, que relata o duro combate de Heracles coas máis valentes das guerreiras,⁵⁴ explícanos que o semideus encargouse desa misión porque «consideraba que sería terrible se, propoñéndose favorecer a raza dos homes en común, toleraba algún dos pobos gobernados por mulleres».⁵⁵ O gran heroe civilizador acaba co pobo salvaxe das mulleres célibes.

Así pensaban os gregos e non pensaban moi diferente algúns antropólogos evolucionistas -e os homes da época- ao conxecturar que a humanidade pasara por unha etapa primitiva de promiscuidade e de dominio feminino e que logo, coa civilización, se ascendeu ao patriarcado. No século dezanove os mitos escribíanse ás veces coa linguaxe da ciencia.

⁵² Apolodoro *Biblioteca* II 5, 9

⁵³ Séneca *Hércules* tolo 542-6

⁵⁴ Diodoro de Sicilia *Biblioteca histórica* IV 16, 1-4; véxase Hixino *Fábulas* 30, 10

⁵⁵ Diodoro de Sicilia *Biblioteca histórica* III 54 3 (pág. 509)